

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO
SOBRE A CRISE HUMANITARIA E O ACOLLEMENTO DAS
PERSOAS QUE BUSCAN REFUXIO EN EUROPA**

Europa e os seus Estados membros deben ser, no contexto mundial, un espazo de referencia para a defensa da dignidade e dos dereitos humanos, capaz de ofrecer unha resposta integral e global á crise migratoria desencadeada alén das súas fronteiras.

A Corporación Municipal de Santiago de Compostela, conforme á especial filiación europea e vocación acolledora da cidade, mostra a súa disposición a colaborar de forma activa na solución da gran crise humanitaria que está a padecer a Unión Europea, como consecuencia da chegada de refuxiados.

Nesta liña, manifesta a súa vontade de poñer a disposición das administracións públicas competentes a súa capacidade de acollida para contribuír, de forma solidaria, a resolver esta situación.

Santiago de Compostela, 7 de Setembro de 2015